



# Te Serán en Romaría

I Espectáculo de Baile  
e Música Tradicional Traspés

Domingo 25 de novembro do 2012

Auditorio Mar de Vigo

as 21.00 horas

ORGANIZA E PATROCINA:

traspés  
ASOCIACIÓN CULTURAL

COLABORA:

CONCELLO  
DE VIGO



ENTRADAS EN:



## O NOSO ESPECTÁCULO



# De Serán en Romaría

I Espectáculo de Baile  
e Música Tradicional Traspés

Sábado 7 de maio do 2011  
no Auditorio do C.S.C.R. de Beade,  
ás 21.00 h

Organiza: traspès  
ASOCIACIÓN CULTURAL

Patrocinan: Rías Baixas

175  
ANIVERSARIO

Deputación  
de Pontevedra

## Xustificación:

Unha das principais metas que o equipo directivo da Asociación Cultural Traspés nos marcamos dende un principio, foi a da creación de espectáculos encamiñados á promoción e difusión da nosa cultura popular, é dicir, o noso folclore. Para elo tentamos dar un punto de vista distinto ao que a xente de a pé está acostumada, e, deste xeito, axudar a espertar o interese polas nosas tradicións.

A proposta de levar a cabo un proxecto no que o Grupo Artístico da A.C. Traspés se expresase nun escenario co propósito de dar a súa característica visión do folclore galego, espertou en nós a inquietude de desenrolar dunha maneira inmediata esta meta. Deste xeito naceu “De Serán en Romaría”, un espectáculo de baile e música tradicional galega de 90 minutos de duración que achega ao público pinceladas do noso patrimonio inmaterial esquecido hoxeendía.

Do mesmo xeito, o bo resultado na estrea deste I Espectáculo, patrocinado pola Deputación de Pontevedra, no Auditorio do C.S.C.R. de Beade (Vigo), e o interese por dita entidade pública de promoverlo por toda a provincia de Pontevedra, lévannos a este equipo directivo a propoñer unha xira ao longo do ano 2012 por dita provincia podendo así achegar este innovador proxecto ao maior número de público posible.



## Obxectivos:

### *Xerais:*

- Espertar o interese en actividades culturais, con especial fincapé na creatividade artística e a propagación e coñecemento da historia, o folclore e o patrimonio inmaterial en xeral.
- Estimular e dar a coñecer os avances e as novas correntes tecnolóxicas, como instrumento de divulgación da riqueza cultural e patrimonial.
- Promover actitudes sociais que encamiñen á valoración do patrimonio artístico, como factor de desenvolvemento, e potenciar as que contribúan ao seu estudo e coñecemento.

### *Específicos:*

- Trasladar a un escenario partes do noso patrimonio inmaterial, dando vida a costumes, traballos e outras situacións nas que noutro tempo se acababa facendo festa, troula... é dicir, recreando todos aqueles intreiros nos que se facían reunións veciñais.
- Entreter espertando do mesmo xeito todo tipo de sentimentos de nostalxia, ledicia, tristeza... abrindo os ollos ao público a uns xeitos de vida moi distintos e esquecidos nestes tempos.



## Metodoloxía:

Queremos trasladar ao público a case un século atrás a través dos relatos, ou memorias, dunha persoa maior que fará de fío condutor.

Será unha voz en off dun home duns 70 anos de idade o que fará esta retroproxección e nos encamiñará polas súas vivencias ao longo dos seus anos mozos. Esta voz estará acompañada de material audiovisual que nos axudará a dar este salto no tempo dunha maneira máis sinxela se cabe.

Así coa axuda do noso narrador, xunto co Grupo Artístico Traspés, viviremos situacións de traballo como poderían ser as Labradas, ou a Vida do Gaitero; tamén daremos vida a esas populares xuntanzas veciñais que en cada lugar da nosa comunidade se denominaban de distinto xeito como por exemplo Polavila, Ruada, Serán, Romaría, Fiada, Baile... centrarémonos tamén en datas de festividade como o Nadal e o Entroido, e como non, tamén representaremos momentos clave da vida de todo ser humano como é a Voda coa súa correspondente Ronda de Noivos.

## Infraestrutura:

Para desenrolar este espetáculo acudimos a unha das produtoras galegas máis especializadas neste tipo de proxectos: **Merlo Branco Produccións**.

O desenrolo deste espetáculo precisa da seguinte infraestrutura:

- Chan de linóleo (chan de goma especial para todo espectáculo de danza).
- 2 tarimas ao fondo do escenario para que o grupo musical teña a presenza necesaria e non pase a un segundo plano como simple grupo de acompañamento.
- 10 micrófonos unidireccionais para as voces.
- 8 micrófonos de pinza.
- 9 micrófonos especiais para os instrumentos musicais da charanga.
- Micrófonos de ambiente ao longo do escenario para non perder o fío de ningún dos sonidos que o grupo artístico desenrolará no escenario (castañolas, paos, zocas, tamancos...).
- Iluminación necesaria para ambientar cada unha das escenas.
- Caracterización do escenario.
- Pantalla e proxector para a utilización de material audiovisual como axuda ao noso narrador.

## Contido:

O espectáculo está dividido en dez escenas dando vida a traballos, costumes, saberes dun pobo, e demais situacións que forman parte do noso patrimonio inmaterial.

## INTRODUCCIÓN DAS ESCENAS:

### AS LABRADAS NO CONDADO

Nesta primeira escena, coa que se abre o espectáculo, o Grupo de Música e Baile Tradicional Traspés recrea unha labrada típica das zonas de Mondariz e PazosdeBorbén.

Era habitual que ao remate do duro traballo do campo, as xentes cantasen e bailasen para celebralo ao son dos sachos tocados con pedras, mentres merendaban e facían un descanso.

### POLAVILA EN CERVANTES E ROMARÍA EN SON

En plenos Ancares lugueses era moi común que os veciños se reunisen na cociña de algunha casa para mata-lo tempo falando, contando contos, e como non, cantando e bailando á luz dun candil de carburo.

Nesta segunda escena as pandereteiras da agrupación trasládannos ata unha desas xuntanzas denominadas polavilas, nas que cantaban acompañándose de instrumentos de percusión variados como botellas de anís, cunchas, tambor, pandeiras...

Tamén representamos nesta escena unha romaría desa comarca, coa súa correspondente procesión e festa posterior, na que tocaba unha charanga contratada e tódolos veciños danzaban bailes agarrados e soltos ao son das súas músicas.



## O NADAL EN PONTEVEDRA

Esta terceira parte recrea a celebración do nadal na zona sur da provincia de Pontevedra.

Por un lado, interpretamos un canto de nadal típico da noite do 24 de decembro, que se soía cantar polas rúas das aldeas pedindo o aguinaldo ás xentes do lugar.

Por outro lado, escenificamos unha danza de reis, que se bailaba o día 6 de xaneiro con motivo da chegada dos reises a Belén.

## O ANTROIDO EN ARCOS

Non menos importante que o nadal é o Antroido. Na nosa comunidade existen múltiples actos de celebración desta festa, en cada sitio á súa maneira e cos seus vestiarios correspondentes tan diferenciados e que fan que identifiquemos claramente a onde pertencen.

Neste espectáculo centrámonos nun dos menos coñecidos, os entroidos típicos do concello de Mazaricos, onde, ao son das pandeiretas, os bailadores e bailadoras interpretan danzas ataviados con roupa branca e mantóns de cores, por outro lado tamén van varios homes con espadas, posiblemente facendo burla dos caravineiros e das represalias que había por aquel entón.

## O TRABALLO DO GAITEIRO

Un oficio que desapareceu co tempo pero que era moi importante na época que estamos a tratar no espectáculo, era o de gaiteiro. Alí onde houbera algunha festa ou romaría que celebrar había un contratado para amenizar tal menester.

Nesta quinta escena, un cuarteto tradicional formado por dúas gaitas, un redobante e un bombo, vannos recrear unha desas ocasións para as que eran solicitados os seus servicios.



## RONDA E PANDEIRADA DE LIÑARES

Achegámonos nesta escena ata a Serra do Suído, onde tentamos trasladar ao público ata unha ronda das que se lle facían aos noivos os días antes do enlace.

Era moi común que os amigos e veciños dos noivos fose cantando polas noites coplas pícaras ás casas dos namorados para meterse con eles, despois, aproveitando a ocasión, sacábanse as pandeiretas e se facía unha xuntanza, chamada nesta zona pandeirada ou ruada, ata altas horas da madrugada.



## SERÁN EN TOUTÓN

Aquí o público poderá disfrutar, da man dos pandereteiros da agrupación, dun dos afamados seráns que se facían pola zona do Condado e a Paradanta.

Trasladamos aos espectadores ata o gran serán de Toutón, interpretando as pezas que compoñen un serán na súa orde: "jota", muiñeira, dous pasos, trastrás, pasodoble e vals. Cada pobo que se achegaba ata alí a tocar tiña que interpretar toda esta serie de pezas, e todos nesta mesma orde.

## DE VODA EN BERGANTIÑOS

Se tódolos momentos da vida se aproveitaban para facer unha festa, unha voda non podía ser menos.

Nesta oitava escena escenificamos fielmente unha voda das que tiñan sona durante meses. En Malpica de Bergantiños atopamos a danza máis ancestral e arcaica que aínda se conserva hoxe en día: a muiñeira vella, onde os homes compiten con puntos e as mulleres simplemente fan pasos arrastrados levando un molete ou un vaso de viño na cabeza para mostrara súa axilidade.



Era moi frecuente que estas danzas se bailasen nos convites, de este modo Traspés achega esta danza e tamén unha jota coa que lle damos vida á foliada na que desencadeaban este tipo de celebracións.



## VERBENA

A través do conxunto musical da Asociación Cultural Traspés lle damos vida, nesta novena escena, a unha festa patronal onde as formacións de moda eranasmurgaseascharangas.

O público poderá apreciar a través das músicas da nosa charanga as influencias foráneas que foron chegando co paso do tempo por causa, maioritariamente, da emigración. Así ademais de escoitar muiñeira e “jotas”, oirántamén rumbas, polcas ou incluso un fox-trot.

## FIADA E BAILE EN AXEITOS

Xa para rematar, nesta décima escena pomos enriba do escenario a representación dunha fiada como as de antes, nas que nun principio se reunían os veciños para fiar pero que acababan en festa, tocando e bailando todos.

Na mesma escena representamos un baile da mesma parroquia que a fiada, onde, como nos contan os informantes, unha charanga, ou un gaitero, ou un acordeonista era contratado tódolos martes e todos os domingos para amenizar a velada e que tódolos veciños puidesen bailar e namorar.

En definitiva, o que este espetáculo quere amosar ao público son todas aquelas situacións nas que noutro tempo se aproveitaba para divertirse e evadirse da dureza do traballo e da vida que por aquel entón existía en toda Galicia.



# CONTACTA CON NÓS...

## ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS

Pza. Miraflores, nº 3, 2º  
36214 · Sárdoma · Vigo  
Pontevedra

### Teléfonos:

605 089 341 (Fran Sieira)  
617 088 075

### Correo Electrónico:

fransieira@hotmail.com (Fran Sieira)  
traspes@traspes.com

w w w . t r a s p e s . c o m